



BASES DA COPA XL DEPUTACIÓN DE FÚTBOL (ANO 2024)

NORMAS XERAIS DA COPA DEPUTACIÓN DE FÚTBOL

PRIMEIRA: Da organización e desenvolvemento da Copa Deputación de fútbol 2024 será única responsable a Real Federación Galega de Fútbol.

De acordo ao exposto, as categorías e grupos de competición da Copa Deputación de Fútbol 2024 son os que se definen a continuación.

PREFERENTE AUTONÓMICA MASCULINA
PRIMEIRA AUTONÓMICA MASCULINA
SEGUNDA AUTONÓMICA MASCULINA
TERCEIRA AUTONÓMICA MASCULINA
LIGA GALEGA 1ª DIVISIÓN FEMININA
LIGA GALEGA 2ª DIVISIÓN FEMININA
LIGA GALEGA 3ª DIVISIÓN FEMININA
PREBENXAMIN F-8
BENXAMIN F-8
ALEVIN F-8
INFANTIL
CADETE
XUVENIL
FÚTBOL VETERANO

SEGUNDA: Todos os equipos deberán ter cuberto o **ANEXO I (ficha de participación)** de **forma obrigatoria**. Do mesmo xeito, acompañando obrigatoriedade o ANEXO I, cumprirá achegar **unha certificación de conta bancaria**, a nome do club ou entidade participante na competición. Na certificación deberá figurar o **nome do representante ou representantes**, do club ou entidade, como responsables autorizados da entidade participante. O certificado debe ser actual, e dicir, do ano 2024. Tamén deberán presentar unha copia do **CIF do Club ou entidade**.

TERCEIRA: Éa Real Federación Galega de Fútbol o organismo que determina o sistema de competición, que obrigatoriedade deberá trasladar aos clubs participantes.

CUARTA: De acordo ao indicado, establécese como sistema de resolución en caso de empate ao final do respectivo encontro, o regulamentario lanzamento de penaltis, en todos os partidos agás na final. Na final en caso de empate disputarase unha prórroga de trinta minutos dividida en dúas partes de quince minutos cada unha, e de persistir o empate procederase o lanzamento dunha tanda de penaltis para decidir o campión.

QUINTA: A hora de comenzo de cada encontro fixarase de acordo aos criterios que no seu caso establezan a Federación e os equipos participantes. Non entanto, ámbolos clubs de común acordo poderán variala, debendo comunicarllo a Federación Galega de Fútbol ou a sua delegación de Lugo, dentro do prazo establecido regulamentariamente para tal fin.

SEXTA: Ao ser esta unha competición oficial, todos/as os/as xogadores/as que interveñan, deberán estar regulamentariamente inscritos nos seus respectivos clubs e ter aboada a cota correspondente da Mutualidade de futbolistas españois.

	IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Fecha y Hora	27/05/2024 01:05:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Página	1/5



SÉTIMA: Tanto no número de xogadores/as convocados, como no número de cambios a realizar en cada partido, estarase ao establecido pola respectiva Federación en cada unha das categorías. No caso de Copa de categoría Senior, o número de xogadores convocados amplíase ata 18 xogadores e poderán realizarse un máximo de 5 substitucións en 3 ventás de cambios. No resto de categorías, manteñense as mesmas normativas que durante a Liga.

OITAVA: Os/as árbitros desígnaos o Comité Galego de Árbitros, procurando que sexan os da máxima categoría. O pagamento do recibo correspondente corre a cargo do equipo local, agás na final, no que cada club participante asumirá o 50% do seu custo.

NOVENA: Nesta competición, NON se poderá cobrar entrada a ningunha persoa, sendo xa que logo, o accesos aos partidos libre para toda aquela persoa que desexe acudir a eles.

DÉCIMA: Das incidencias no desenvolvemento desta Competición, entende o Comité de Competición da Real Federación Galega de Fútbol.

UNDÉCIMA: Establecese que ao final do encontro, o Campión e Subcampión da Copa Exma. Deputación Provincial de Lugo, das categorías sinaladas no apartado primeiro, recibirán os trofeos correspondentes doados pola Deputación Provincial.

DUODÉCIMA: As distintas finais por categorías disputaranse na data e a hora que no seu caso se definan.

DÉCIMO TERCEIRA: A Deputación de Lugo concederá os respectivos premios económicos polos resultados deportivos logrados por cada un dos participantes en función dos partidos disputados e eliminatorias superadas. Para a asignación de premios aplicarase o mecanismo de atribución de puntos previsto pola Federación Galega de Fútbol e que se determina no ANEXO I, establecendo un valor en euros de cada punto de cinco (5) euros. A vista das circunstancias que no seu caso se poidan producir, os partidos que non se puideran celebrar, quedarán definitivamente anulados e non procederá ningunha asignación de puntos a ningún dos 2 clubs participantes no respectivo partido.

Dadas as previsións contidas nas presentes bases, o número máximo de puntos (bolsa máxima de puntos) será de 22.000 puntos (vinte dous mil puntos).

A referida bolsa correspóndese expresamente co número máximo de puntos a asignar segundo o número máximo de partidos (eliminatorias) a disputar na presente competición de acordo ao respectivo calendario federativo e ao cadro anexo de asignación de puntos. Por tanto, en ningún caso se poderá realizar unha atribución de puntos que supere a bolsa máxima establecida.

En consecuencia, non se poderá dividir ou ratear o respectivo número de puntos previstos por cada partido (eliminatoria) ou final de acordo ao cadro anexo.

Así mesmo, en ningún caso se poderá dividir ou ratear o valor en euros de cada punto, determinado en cinco (5€) euros por punto asignado.

	IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Fecha y Hora	27/05/2024 01:05:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Página	2/5



DÉCIMO CUARTA: A Real Federación Galega de Fútbol deberá remitir a Deputación de Lugo, unha vez finalizado o torneo, no prazo de 5 días hábiles e sempre antes do 1 de agosto de 2024, a seguinte documentación:

-Certificación federativa do cadro de puntuación definitiva de cada club deportivo de acordo aos resultados deportivos da competición. A certificación deberá reflectir a atribución definitiva de sumatorio de puntos de cada un dos equipos participantes, distribuídos por categorías, e indicando o importe do premio que lle corresponderá a cada entidade, en aplicación das previsións determinadas nestas bases e no seu ANEXO I previsto pola Federación Galega de Fútbol.

-Memoria asinada da competición na que se reflecta a relación de participantes, cos datos e resultados en cada unha das categorías, con indicación expresa de local e visitante en cada un dos partidos e eliminatorias.

- A documentación relacionada na base segunda de todos e cada un dos clubs participantes.

A non presentación da referida documentación implicará a imposibilidade de realización do pagamento dos premios.

DÉCIMO QUINTA: A Federación Galega de Fútbol, como entidade organizadora da competición asume a responsabilidade das normas establecidas nas presentes bases. Estas normas publicaranse na web da Deputación de Lugo.

	IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Fecha y Hora	27/05/2024 01:05:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Página	3/5





REAL FEDERACIÓN
GALEGA DE FÚTBOL
Deputación de Lugo

	Puntos-premio por participación. Por cada eliminatoria xogada como visitante (agás a final)	Puntos-premio por participación. Por cada eliminatoria xogada como local (agás a final)	Puntos-premio finalista
PREFERENTE AUTONÓMICA MASCULINA PRIMEIRA AUTONÓMICA MASCULINA	90 puntos	120 puntos	1º Clasificado: 1.000 puntos 2º Clasificado: 800 puntos
SEGUNDA AUTONÓMICA MASCULINA TERCEIRA AUTONÓMICA MASCULINA	77 puntos	90 puntos	1º Clasificado: 800 puntos 2º Clasificado: 600 puntos
LIGA GALEGA 1ª DIVISIÓN FEMININA LIGA GALEGA 2ª DIVISIÓN FEMININA LIGA GALEGA 3ª DIVISIÓN FEMININA	90 puntos	120 puntos	1º Clasificado: 1.000 puntos 2º Clasificado: 800 puntos

	Puntos-premio por participación. Por cada eliminatoria xogada como visitante (agás a final)	Puntos-premio por participación. Por cada eliminatoria xogada como local (agás a final)	Puntos-premio finalistas
PRE-BENXAMÍN F-8	Non se asignan puntos por participación	3 puntos	Ambos os dous equipos 3 puntos
BENXAMÍN F-8	Non se asignan puntos por participación	3 puntos	Ambos os dous equipos 3 puntos
ALEVIN F-8	Non se asignan puntos por participación	3 puntos	Ambos os dous equipos 3 puntos
INFANTIL	Non se asignan puntos por participación	6 puntos	Ambos os dous equipos 6 puntos
CADETE	Non se asignan puntos por participación	8 puntos	Ambos os dous equipos 8 puntos
XUVENIL	Non se asignan puntos por participación	10 puntos	Ambos os dous equipos 10 puntos
VETERANO	Non se asignan puntos por participación	13 puntos	Ambos os dous equipos 13 puntos

*Para facer máis dinámica a Copa Deputación de fútbol 2024, o sistema de competición será a **partido único** (final incluída).

	IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Fecha y Hora	27/05/2024 01:05:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Página	4/5



ANEXO I
FICHA DE INSCRIPCIÓN
COPA DEPUTACIÓN FÚTBOL (2024)

CIF DA ENTIDADE:	NOME DO EQUIPO:		
CATEGORÍA	<input type="checkbox"/> PREFERENTE AUTONÓMICA MASCULINA <input type="checkbox"/> 1ª AUTONÓMICA MASCULINA <input type="checkbox"/> 2ª AUTONÓMICA MASCULINA <input type="checkbox"/> 3ª AUTONÓMICA MASCULINA	<input type="checkbox"/> LIGA GALEGA 1ª DIVISIÓN FEMININA <input type="checkbox"/> LIGA GALEGA 2ª DIVISIÓN FEMININA <input type="checkbox"/> LIGA GALEGA 3ª DIVISIÓN FEMININA	
	<input type="checkbox"/> PREBENXAMÍN F-8 <input type="checkbox"/> BENXAMÍN F-8 <input type="checkbox"/> ALEVÍN F-8	<input type="checkbox"/> INFANTIL <input type="checkbox"/> CADETE <input type="checkbox"/> XUVENIL <input type="checkbox"/> FÚTBOL VETERANO	
NOME DO/A PRESIDENTE/A		CIF:	
ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN			
LOCALIDADE		CÓDIGO POSTAL	
CONCELLO			
TELÉFONOS DE CONTACTO		FAX	
ENDEREZO DE CORREO ELECTRÓNICO			
Nº CONTA BANCARIA (é obrigatorio presentar o certificado bancario do club ou entidade, actualizado do ano 2024)			

_____ a _____ de _____ de _____

Asinado

O/A presidente/a do club ou entidade

Documentación que debe acompañar:

- Certificado conta bancaria do ano 2024 co nome do representante
- Cópia do CIF do club ou entidade

	IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Fecha y Hora	27/05/2024 01:05:04
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	RAFAEL LOUZAN ABAL		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7XYPRMEF757TUTSZQX6Z7PCE	Página	5/5

